

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO E EFICIENCIA
NA CONTRATACIÓN**

A presente memoria se elabora en cumprimento do disposto no artigo 116 LCSP.

CONTRATO DE OBRAS

**CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E CRITERIOS DE
ADXUDICACIÓN OBXECTIVOS (FACTOR PREZO E REDUCIÓN DO PRAZO DE
EXECUCIÓN) DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE NO POLÍGONO INDUSTRIAL
NOVO MILLADOIRO.**

**SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A HABILITACIÓN E MELLORA DE
INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE
GALICIA. ANO 2024 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IN519B).**

EXPEDIENTE GD 11460/2024.

C.I.F.: P-1500200-I

PODER ADXUDICADOR:			
ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE Concello de Ames	Órgano de Contratación: Xunta de Goberno Local	Número de Expediente	11460/2024
		Tipo de Procedemento	ABERTO SIMPLIFICADO
		Publicidade:	SI
		Tipo de Contrato:	OBRAS
		Tramitación:	ORDINARIA
		Suxeito a Regulación Harmonizada ¹	NON
		Recurso Especial en Materia de Contratación ²	NON

OBXECTO DO CONTRATO: As obras contemplan actuacións para a habilitación e mellora de infraestruturas do parque empresarial Novo Milladoiro. As actuacións están dirixidas á reordenación do tráfico rodado nas rúas das Hedras, Xesta e Palmeiras deste polígono industrial. O ámbito de actuación conta cunha superficie total de 9.550 m². Para elo, prevese a supresión dun carril de circulación de xeito que estas rúas contén cun único carril de circulación con zonas de estacionamento regulado a ambas marxes.

CÓDIGOS CPV

45233251-3. Traballos de repavimentación.

¹ Estarán suxeitos a regulación harmonizada aqueles contratos cuxo valor estimado superen os 5.382.000,00 euros en obras e os 215.000 euros en servizos e subministrados.

² Aqueles contratos cuxo valor estimado en obras sexa superior a 3.000.000,00 euros e en servizos e subministrados sexa superior a 100.000,00 euros.

PRAZO DE EXECUCIÓN³: TRES (3) MESES. Neste caso o prazo máximo establecido, nas bases da convocatoria, para xustificar a subvención, contempla a data do 31.10.2024, polo que os traballos deberán estar executados e pagados polo menos con dous días de antelación do prazo final establecido para a xustificación.		PRORROGAS: Non se contemplan.
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: Pendente de incorporar. Incorporarase unha vez finalice o período de exposición pública da aprobación definitiva do crédito extraordinario 1/2024. PROXECTO: Pendente.		
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (sen IVE) 145.062,00 euros	PARTE CORRESPONDENTE AO IVE (21%) 30.463,02 euros	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN 175.525,02 euros
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO⁴ 0 % de modificacións previstas no proxecto 10% de aumento de medicións en certificación final:14.506,20 euros		159.568,20 euros

O abaixo asinante, en relación co expediente descrito no cadro superior, e en cumprimento do disposto no artigo 28 (necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación) da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), informa:

1. Fundamentos Xurídicos

Estas obras licítanse ao amparo do artigo 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LBRL), que establece que *“para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as Entidades Locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obrigarse, interpoñer os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas leis”*.

Trátase dun contrato de obras, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP):

“1.- Son contratos de obras aqueles que teñan por obxecto un dos seguintes:

- a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no anexo I.*
- b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.(...)”*

2. Obxecto do contrato. División en lotes.

As actuacións a realizar están contidas e detalladas no correspondente proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado 22.992, con data 26.02.2024.

O proxecto foi aprobado en sesión de pleno do 27.06.2024.

Figura no expediente a acta de reformulo previa con data do 16.02.2024.

O técnico municipal do Ciclo Integral da Auga, Esteban de la Fuente Rodríguez, informa favorablemente o proxecto con data do 13.06.2024, indicando que:

- O proxecto non necesita de informes sectoriais previos ao inicio das obras.
- Non é preceptiva a supervisión técnica, ao tratarse de obras cun orzamento inferior a 500.000 €

³ A duración inicial do contrato será a prevista no proxecto para a execución das obras.

⁴ O valor estimado do contrato incluírá os importes do orzamento base de licitación, das posibles prórrogas e do % de modificación do contrato.

(IVE excluído).

- As obras son susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúen unha unidade funcional.
- Non procede a división en lotes aludindo a problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.
- Non é necesario estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai realizar a obra.
- Os terreos son aptos urbanisticamente.
- O autor do proxecto ten titulación habilitante para a redacción do proxecto.

Tamén consta no expediente informe técnico xurídico, de fecha 13.06.2024, sobre a dispoñibilidade dos terreos, que son de titularidade do Concello de Ames.

O presente Proxecto redactouse coa finalidade de presentar ante a Consellería de Economía, Industria e Innovación, da Xunta de Galicia, ao obxecto de solicitar axudas económicas ó amparo da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A actuación sitúase no Polígono Industrial de Novo Milladoiro, no núcleo urbano de Milladoiro, pertencente ó Concello de Ames. Na actualidade, as rúas das Hedras, da Xesta e de Palmeiras contan con problemas recorrentes no estacionamento dos vehículos. O elevado volume de vehículos que acceden cada día a este polígono, sumado á falta de espazo para estacionar, provoca que as beirarrúas se atopen ocupadas por coches, dificultando o tránsito peonil.

Ante esta problemática, tendo en consideración o estudo de tráfico e mobilidade do Polígono Industrial de Novo Milladoiro (Ames), redactado en marzo de 2022, propónse a reordenación do tráfico rodado nas citadas rúas deste polígono industrial. O ámbito de actuación conta cunha superficie total de 9.550 m².

Para elo, prevese a supresión dun carril de circulación de xeito que estas rúas contén cun único carril de circulación con zonas de estacionamento regulado a ambas marxes.

Con esta reordenación do tráfico levarase a cabo a renovación da capa do firme coa extensión de 5 cm de aglomerado en quente tipo AC16 surf, previo fresado do firme existente. Ademais procederase ó correspondente pintado da nova sinalización horizontal e a instalación de sinalización vertical e balizamento conformado por hitos de polietileno.

Nos planos, cadros de medicións e presupostos, especificáanse as unidades de obra a realizar, así como as características, dotacións e dimensións dos materiais propostos.

Nome da obra	Orzamento Base Licitación(sen IVE)	IVE (21%)	Orzamento Base Licitación
Mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro	145.062,00 euros	30.463,02 euros	175.525,02 euros

3.- Características do contrato e cofinanciación.

Trátase dun contrato de obras que pretende reordenar o tráfico rodado no Polígono Novo Milladoiro. Con esta reordenación do tráfico levarase a cabo a renovación da capa do firme coa extensión de 5 cm de aglomerado en quente tipo AC16 surf, previo fresado do firme existente. Ademais procederase ó correspondente pintado da nova sinalización horizontal e a instalación de sinalización vertical e balizamento conformado por hitos de polietileno, e que están cofinanciadas pola Xunta de Galicia, concretamente pola Consellería de Economía e Industria ao abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que

se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Nº 14, DO 19.01.2024).

O importe da achega concedida o Concello de Ames é de 120.000,00 euros, debendo asumir o concello o resto do importe das obras que neste proxecto de mellora da mobilidade no polígono industrial Novo Milladoiro, ascende o seu presuposto base de licitación (IVE incluído) a 175.525,02 €.

Con data do 31.10.2024 terá que estar presentada e xustificada a execución das obras. Consta no expediente solicitude de prórroga, de data 01.07.2024, para xustificar a execución diante da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

Con data 27.05.2024 (RE 15169/2024) notifícasele ó Concello de Ames a resolución da concesión da subvención concedida pola Consellería de Economía e Industria, que ascende a 120.000 € (68,37 %) tendo que asumir o Concello o resto do investimento subvencionable, 55.518,56 (31,36 %). En realidade o 68,37% sería un total de 120.006,45 €, pero en base ao establecido no artigo 4 das bases da subvención, as solicitudes individuais (1 concello) terán como máximo subvencionable 120.000,00 € (> 80%), tendo que asumir o Concello a diferenza para completar o resto do presuposto de execución contemplado no proxecto técnico de execución.

No seguinte cadro pódese comprobar como se distribúen as cantidades subvencionadas e a achega municipal:

	ANO 2024
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	120.006,45 euros (68,37 %), > subvencionable 120.000,00 €
CONCELLO DE AMES	55.518,57 euros (31,63 %), o concello asume a diferenza a partir dos 100.000,00 €
TOTAL	175.525,02 euros

4. Características do contrato

Trátase da licitación dun contrato de obras que comprende actuacións de reordenación do tráfico, renovación da capa do firme coa extensión de 5 cm de aglomerado en quente tipo AC16 surf, previo fresado do firme existente. Ademais procederase ó correspondente pintado da nova sinalización horizontal e a instalación de sinalización vertical.

5. Insuficiencia de medios persoais e materiais

Este concello carece de medios humanos e materiais necesarios para a execución deste tipo de obras.

6. Xustificación do tipo de Procedemento.

Dadas as características da contratación e, en aras de garantir que a contratación se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e de asegurar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e control de gasto, e ao mesmo tempo licitar no período de tempo máis curto posible, considerase idóneo que o procedemento de licitación se efectúe mediante **procedemento aberto simplificado** (20 días para a presentación de ofertas), e criterio de adxudicación obxectivos, o prezo máis baixo e a redución do prazo de execución.

Segundo o artigo 156 da LCSP nos procedementos abertos todo o empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A idoneidade do procedemento aberto, con criterios obxectivos de adxudicación (prezo máis baixo e redución do prazo de execución) vén amparada pola necesidade de garantir entre outros o principio de concorrencia, facilitando así a participación dun maior número de licitadores.

De conformidade co disposto en art. 159.4 LCSP *“todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.”*

A estes efectos, tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite ter presentada a solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para elo, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a achega do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de ter aportado a documentación preceptiva e de non ter recibido requirimento de emenda. As empresas inscritas deberán aportar unha declaración xurada de que no variaron os datos que figuran nel inscritos.

7. Prazo de duración e prorrogas

O prazo máximo de execución das obras é de **3 meses** salvo que por circunstancias sobrevidas, imprevistas, ou calquera outra que poida xurdir durante a execución do mesmo se acorde polo órgano de contratación a concesión dunha prórroga que se deberá xustificar motivadamente.

8. Criterios de adxudicación

Dadas as características das actuacións, totalmente definidas no proxecto técnico, considerase máis axeitado acudir a criterios de adxudicación obxectivos, o prezo máis baixo e a oferta da redución do prazo de execución.

9. Modificación do contrato

O contrato poderá modificarse por razóns de interese público, nos termos e condicións previstos na Lei 9/2017, de contratos do sector público. Non obstante, o proxecto non contempla modificacións. Si resulta posible o aumento do 10% na medición final, extremo que xa foi contemplado no valor estimado do contrato.

10. Orzamento base de licitación, IVE e Valor Estimado

<p>O orzamento base de licitación sen IVE ascende a 145.062,00 euros.</p> <p>O IVE (21%) ascende a 30.463,02 euros.</p> <p>O orzamento base de licitación ascende a 175.525,02 euros.</p> <p>O 10% de aumento en medicións finais ascende a 14.506,20 euros.</p> <p>As modificacións previstas son 0%.</p> <p>O seu valor estimado ascende a 159.568,20 euros</p>

11. Urgencia na tramitación (motivar a urgencia)

Neste expediente non procede a tramitación por vía de urgencia.

12. Condición especial de execución.

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos una das condicións de execución que se detallan a continuación:

1) Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50%, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego
- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante o dezaoto meses anteriores á súa contratación
- unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que se atope en situación de desemprego polo menos no tres meses anteriores a data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación.

2) Co fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, aformigado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Co fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Ames, xullo de 2024

O Concelleiro de Obras e Servizos Básicos

Gustavo Nieto Santiago